

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unhas das principais liñas estratéxicas de actuación que leva a cabo a Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade.

Así, desde 2016, este servizo promove unha liña específica de subvencións a asociacións que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra aposta por integrar o principio de igualdade no conxunto das súas políticas, o que se traduce na consolidación desta liña de subvencións coa que afianzar a consideración da transversalidade de xénero en toda a actividade, tanto na súa dimensión interna coma na externa, de proxección e relacións co conxunto da sociedade.

No ámbito competencial, cómpre destacar que a igualdade é un dereito previsto nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, así como na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Nesta liña, na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Deste xeito, a institución provincial, no marco das súas competencias e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, considera necesario darlles apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de 2025 do procedemento de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2025.

Segunda. Financiamento e réxime económico

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a douscentos mil (200.000,00) euros.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar os sete mil (7.000,00) euros.

Terceira. Réxime xurídico

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan as actuacións reguladas nesta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal ou establecemento permanente na provincia de Pontevedra.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), recollido no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, na data final de presentación de solicitudes.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións

públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Que a actividade desenvolvida pola entidade cumpra as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; na demais lexislación vixente en materia de igualdade e no exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

Quinta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero.
- Proxectos de atención integral a vítimas de violencia machista, fillas, fillos e persoas dependentes ao seu cargo.
- Actuacións e programas destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.
- Proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes.

- Proxectos encamiñados a mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.
- Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade.

As accións deberán realizarse durante 2025 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Sexta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- Proxectos, programas ou actividades que recibisen subvención no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.
- Actuacións incluídas no catálogo de actividades do programa “+Xuntas” da Deputación de Pontevedra.
- Proxectos que impidan o desenvolvemento do dereito das mulleres a unha vida libre de violencia, que non favorezan a súa autonomía e o seu dereito a decidir libremente e sen coaccións sobre a súa sexualidade, o seu corpo e a súa maternidade, ou que, en definitiva, non lles permitan construír os seus propios proxectos vitais.

- Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).
- Gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas e a servizos de restauración e cátering que non se correspondan co obxecto do programa.
- Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.
- Gastos relativos á adquisición de equipamento ou de material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).

Sétima. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración distinta da Deputación de Pontevedra ou ente público ou privado, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non poderán financiarse mediante outras subvencións outorgadas polo réxime de concesión directa ou concederse por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio de 2025.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo do centro xestor 250 (Servizo de Igualdade).

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante.

- NIF da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, na que se deberá detallar o orzamento da actividade, a seguinte documentación:

- Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (só no caso de non utilizar o certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica).
- Certificado de inscrición no RUEPSS da Xunta de Galicia.
- Relación das persoas integrantes da xunta directiva da entidade a través dun certificado emitido pola secretaria ou secretario da entidade ou resolución de inscrición da xunta directiva emitida pola consellería competente da Xunta de Galicia.

- Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, asinado pola persoa representante da entidade, que deberá recoller como mínimo os seguintes datos: nome do proxecto, descrición, persoas beneficiarias, obxectivos, actividades, metodoloxía empregada, temporalización, equipo profesional dedicado ao proxecto (do que se incluírán o cargo, a titulación e a súa formación en materia de xénero e igualdade), avaliación e coordinación ou colaboración con outras entidades ou institucións.
 - Para valorar o traballo en rede con outras entidades ou institucións debe achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se realice esta colaboración para a súa xustificación. Para valorar o traballo en rede que se leve a cabo este debe estar relacionado co desenvolvemento do proxecto para o que se solicita financiamento.
 - Para valorar a formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades do equipo profesional da entidade destinado ao proxecto terase unicamente en conta a formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero de aquelas accións formativas que sumen máis de 100 horas por persoa. Non se terán en conta accións formativas de menos de 20 horas.
- Esta formación deberá ser impartida por colexios profesionais, universidades, organizacións sindicais e/ou administracións públicas, e para que se valore deberá acreditarse documentalmente mediante unha copia da titulación ou titulacións no momento da solicitude de financiamento.

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados con anterioridade. Para estes efectos a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiríraselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que, no caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrência competitiva. Cada proxecto poderá valorarse cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e as valoracións correspondentes:

1. Calidade e contido técnico do proxecto, ata un máximo de 40 puntos:
 - a) Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos.
 - b) Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.
 - c) Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.

d) Calidade global da proposta e viabilidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.

e) Uso dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.

2. Incidencia social do proxecto, do programa ou das actividades, ata un máximo de 30 puntos:

a) Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 5 puntos:

- Menos de 25 persoas: 1 punto
- Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos
- Máis de 50 persoas: 5 puntos

b) Repercusión no territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos:

- Ámbito local: 3 puntos
- Ámbito comarcal ou supramunicipal: 6 puntos
- Ámbito provincial: 10 puntos

c) Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos.

d) Temporalización das actividades que se levarán a cabo, ata un máximo de 5 puntos.

- Menos de 3 meses: 1 punto
- De 3 a 6 meses: 3 puntos
- Máis de 6 meses: 5 puntos

3. Recursos e capacidade de xestión da entidade, ata un máximo de 30 puntos:

a) Esfuerzo económico da entidade solicitante no autofinanciamento do proxecto, ata un máximo de 10 puntos:

- Ata un 10 %: 1 punto
- Maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos
- Maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos
- Maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos
- Maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos
- Maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos
- Maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos
- Maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos
- Maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos
- Maior do 90 %: 10 puntos

b) Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades: 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos.

c) Experiencia e traxectoria da entidade en prol da igualdade de oportunidades e na loita contra a violencia machista, ata un máximo de 10 puntos:

- Ata 3 anos: 1 punto
- Máis de 3 anos e ata os 6 anos: 3 puntos
- Máis de 6 anos e ata os 9 anos: 5 puntos
- Máis de 9 anos: 10 puntos

Para calcular a experiencia tomarase como referencia a información contida no RUEPSS da Xunta de Galicia.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación superior a 40 puntos excluíranse da convocatoria.

Décimo quinta. Procedemento de concesión e resolución

A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa de servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Inclúese o informe sobre o algoritmo de cálculo da subvención.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade
- Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade ou Intervención, que actuará sen voto

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá

solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da subvención, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta previa da comisión avaliadora, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen, e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2025, segundo se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- a. Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que se concedeu e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.
- b. Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, ademais de presentar a xustificación na forma e no prazo.
- c. Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente e a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.

- e. Dispoñer dos libros contables, dos rexistros dilixenciados e dos demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, xa que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g. Toda a documentación, a publicidade, a imaxe ou os materiais deberán facer un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.
- h. Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada; nese caso, o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.
- i. Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse o seu contido, a súa contía, a súa forma e os seus prazos de execución, e a xustificación dos correspondentes gastos.

- j. Pagarlles aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.
- k. As entidades poderán subcontratar a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións, pero nunca con persoas ou entidades vinculadas a ela, salvo autorización previa expresa do órgano concedente tras a conveniente xustificación da necesidade por parte da entidade solicitante. En ningún caso este importe poderá superar o 10 % do importe do orzamento, ata un máximo de seiscientos (600) euros. O incumprimento destes termos será motivo de denegación da subvención.

Décimo oitava. Publicidade

Nas accións de promoción e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberase incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa, accesible en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da institución provincial estean visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo novena. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 27 de febreiro de 2026, este incluído.

1. De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, estas poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP).

O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do Regulamento da LXS).

2. Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial será do 20 %.
3. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo terceira:

- a. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios de modo que en cada factura se indiquen o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha.
- b. Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, se detallan as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran nesta se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- c. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas e baremadas na solicitude de subvención para a súa concesión, debidamente asinada, na que se especifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como unha avaliación sobre o impacto de xénero con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas beneficiarias.
- d. Declaración responsable da persoa representante que acredite a divulgación do financiamento por parte do organismo provincial da

actividade subvencionada, acompañada no seu caso de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.

Vixésima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.
- En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polas entidades beneficiarias, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Vixésimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo novena ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas ou producirase a perda do dereito a cobralas nos seguintes casos:

1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
2. Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.
3. Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Vixésimo terceira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2025.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderase esixir responsabilidade administrativa e estas entidades quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na LXS.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo sexta. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos ou calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores.